

*MEDIOS DE IMPUGNACIÓN*

Poderase interpor recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Vigo ou perante o Xulgado da mesma orde xurisdiccional correspondente a circunscrición na que teña o seu enderezo o sancionado.

No obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime procedente consonte a dereito.

PERDA DE PUNTOS NOS PERMISOS E LICENZAS DE CONDUCCIÓN.

Cando un condutor sexa sancionado en firme en vía administrativa pola comisión dalgunha das infraccións graves ou moi graves relacionadas na Lei 17/2005, de 19 de xullo, os puntos que corresponda descontar do crédito que teña no seu permiso ou licenza de condución quedarán descontados de forma automática e simultánea no momento no que se proceda á anotación da citada sanción no Rexistro de condutores e infractores, quedando constancia en devandito Rexistro do crédito total de puntos dos que dispór o titular da autorización.

Para consultar o seu saldo de puntos pode facelo en *www.dgt.es*.

Relación de suxeitos a que se refire este Edicto:

"ART = Artigo; RGC = Regulamento Xeral de Circulación; LSV = Lei de Seguridade Viaria (RDL 339/1990 modificado pola Lei 18/2009); PTOS = Puntos"

SANCCIONADO/A	NIF/CIF	Nº EXP	DATA	PUNTOS	MATRICULA	ART.	NORMA	IMPORTE
RODRIGUEZ ALONSO ALFONSO	36160045C	1200611	22/04/2012	0	4370 CTP	91	R.G.C. PARADAS Y ESTACIONAMIENTOS - MODO Y FORMA	200.00 €

Nigrán 18 de setembro de 2012. — O Alcalde, Alberto Valverde Pérez.

2012008993

A N U N C I O

Expte. nº: 2012/033S

Asunto: Modificación da Ordenanza de protección contra a contaminación acústica

Trámite: Publicación

Normas de aplicación: Art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes.

Aprobación: Pleno do Concello, en sesión do 26 de xullo de 2012.

Aprobada inicialmente a modificación da Ordenanza, mediante o expresado acordo plenario, someteuse a información pública no boletín oficial da Provincia do 13-08-2012. Non se presentaron alegacións, polo que o referido acordo plenario quedou elevado a definitivo.

Publicase como anexo o texto das modificacións aprobadas, coa indicación de que o o acordo pon fin á vía administrativa polo fronte ao mesmo cabe interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde esta publicación, sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso procedente.

A N E X O

Modificación da Ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica

ARTIGO 1º.—OBXECTO

1.—(Mantense o texto actual)

2.—A presente ordenanza apróbase en virtude da competencia municipal en materia de seguridade en lugares públicos, protección do medio ambiente e protección da salubridade pública, de conformidade co disposto nas letras “a”, “f” e “h” do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e con pleno respecto á normativa estatal e autonómica reguladora destas materias, en especial a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído.

ARTIGO 45°.—CONTROL MUNICIPAL DO CUMPRIMENTO

Engádese o seguinte parágrafo ao final do punto 1°:

Os titulares das actividades para cuxo exercicio non sexa esixible licenza municipal deberán dispoñer da documentación mencionada con carácter previo ao inicio da actividade.

ARTIGO 48°.—CONTROL MUNICIPAL DO CUMPRIMENTO

Engádese o seguinte texto ao final do punto 1°:

Nas actividades encadradas no Grupo D-0 do artigo 49, este ensaio limitarase a:

- a) Certificación de illamento a ruído aéreo da actividade respecto aos recintos colindantes, cun illamento acústico DnAT \geq 50 dBA respecto a recintos protexidos e DnAT \geq 45 dBA respecto aos recintos habitables, segundo establece o DB-HR entre unidades de uso distintas. Se a actividade non é colindante con recinto habitable ou protexido, non é necesario este ensaio. Os termos de recinto habitable e protexido están definidos no “Anexo A.Terminoloxía” do DB-HR.
- b) Certificación de niveis de ruído transmitidos pola maquinaria existente na actividade.
- c) Certificación do nivel de illamento acústico da fachada para aqueles recintos protexidos de actividades englobadas en usos culturais, sanitarios, docentes e administrativos, segundo establece a táboa 2.1 do DB-HR, para protexelos fronte ao ruído exterior. O resto de actividades deste grupo non requiren desta esixencia.

Os titulares das actividades para cuxo exercicio non sexa esixible licenza municipal deberán dispoñer da documentación mencionada con carácter previo ao inicio da actividade.

ARTIGO 49°.—CLASIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES POLO SEU GRAO DE MOLESTIA

Ao principio do apdo. “A” de actividades diúrnas (de 08 a 22 horas) engádese un novo grupo denominado D-0:

GRUPO D-0:

Recinto no que se realiza unha actividade con funcionamento exclusivamente diúrno (de 08 a 22 horas), con niveis sonoros internos de $Leq = 70$ dBA. Neste tipo de recintos queda terminantemente prohibida a posta en funcionamento de calquera equipo reprodutor de audio, salvo que se certifique a instalación dun limitador de son que garantice que non se superan os niveis máximos de ruído establecidos.

Exemplos: actividade comercial tipo zapaterías, tendas de roupa, despachos profesionais, clínicas, farmacias, librarías, estancos, despachos de pan sen obrador e sen cafetería, tendas en xeral.

O penúltimo parágrafo do artigo 49 queda redactado como segue:

Queda prohibida a instalación e uso dos aparellos de reprodución de música no exterior dos establecementos suxeitos a esta Ordenanza. Tódolos equipos das instalacións de ventilación e climatización, ou calquera outra maquinaria a instalar na actividade que solicita licenza, ubicaranse no interior do local, co illamento correspondente, non sendo admisible a súa instalación no exterior das fachadas nin en patios.

O último parágrafo do artigo 49 queda redactado como segue:

Non se permitirá a instalación de equipos ou a apertura de saídas de ventilación, extracción de fumes, gases ou climatización directamente a patios de luces (pechados en todo o perímetro), cubertos ou non,

nos que unicamente se permitirá a instalación de condutos de ventilación ou chemineas de fumes que vaian sempre á parte superior do plano de cuberta do edificio.

ARTIGO 50º.—ILLAMENTO ACÚSTICO MÍNIMO ESIXIBLE E TEMPO DE REVERBERACIÓN

Engádese o seguinte texto ao final do precepto:

Para o grupo D-0, estarase ao regulado no artigo 48.1.

Os titulares das actividades para cuxo exercicio non sexa esixible licenza municipal deberán dispoñer da documentación mencionada con carácter previo ao inicio da actividade.

ARTIGO 52º.—RUÍDOS NO EXTERIOR

Modifícase o punto 3º

3.—Naquelas zonas do municipio onde existan numerosas actividades destinadas ao uso de establecementos abertos ao público, sempre que os niveis de recepción no ambiente exterior, producidos pola adición das múltiples actividades existentes e pola actividade das persoas que utilicen estes establecementos, superen en máis de 3 dBA os niveis fixados nesta disposición, o Concello establecerá as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos. Para estes efectos, o Concello, trala solicitude dos informes de inspección ambiental que constante, de ser o caso, esta realidade, acordará mediante resolución motivada do Alcalde a declaración destas zonas como “zonas saturadas por acumulación de ruídos”. Esta resolución, adoptada nun procedemento contradictorio, poderá determinar a aplicación de algunha das medidas cautelares previstas no artigo 54 da presente Ordenanza sobre os establecementos públicos.

ARTIGO 53º.—LICENZA DE APERTURA E INICIO DE ACTIVIDADES

Non se outorgará licenza de apertura das instalacións, actividades ou establecementos se os proxectos presentados polos interesados non se axustan ao disposto na presente ordenanza e demais normas de aplicación. Así mesmo, non se poderá iniciar a actividade ou poñer en funcionamento as instalacións mentres non estea comprobado que cumpren a normativa sobre contaminación acústica mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas.

Os titulares das actividades para cuxo exercicio non sexa esixible licenza municipal deberán dispoñer da documentación mencionada con carácter previo ao inicio da actividade.

ARTIGO 61º.—INFRACCIÓNS

1.—Ao abeiro do previsto no art. 28.5 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, e sen prexuízo do réxime sancionador contido nesa norma, a presente ordenanza tipifica infraccións administrativas relacionadas coa contaminación acústica, que clasifica en leves, graves e moi graves.

2.—Son infraccións leves á presente ordenanza:

- a) Conducir vehículos ou ciclomotores forzando as marchas que produzan ruídos innecesarios ou molestos, e facendo funcionar os equipos de música con volume elevado e coas fiestras abertas.
- b) Producir ruído con vehículos ou ciclomotores superando os límites establecidos para cada categoría en máis de 2 dB(A) e menos de 6 dB(A).
- c) Utilizar alarmas ou sirenas sen que se dean circunstancias de urxencia ou perigo ou, sen estar autorizado para elo.
- d) Cantar, gritar ou vociferar a calquera hora do día ou da noite na vía pública, ou no interior das vivendas superando os límites establecidos.
- e) Producir ruído con portas e fiestras abertas superando os niveis establecidos.

- f) Emitir ruídos e/ou vibracións con aparellos de radio e televisión, equipos e instrumentos musicais, electrodomésticos, aparellos de aire acondicionado ou outra fonte ruído, superando os límites establecidos.
- g) Non evitar os ruídos producidos polos animais domésticos cando superen os límites establecidos.
- h) Calquera outra infracción á presente ordenanza non cualificada como grave ou moi grave.

3.—Son infraccións graves á presente ordenanza:

- a) Producir ruído con vehículos ou ciclomotores superando os límites establecidos para cada categoría en máis de 6 dB(A) e menos de 10 dB(A).
- b) Conducir vehículos ou ciclomotores sen silenciador ou utilizando dispositivos que anulen ou modifiquen a súa acción.
- c) Emitir sons de calquera clase na vía pública ou en lugares de pública concorrencia superando os límites establecidos.
- d) Realizar actividades musicais na vía pública fora do horario establecido e previamente autorizado, ou sen autorización e sempre que se superen os límites establecidos.
- e) Realizar traballos con maquinaria na vía pública entre as 22.00 e 8.00 horas ou, no seu caso, fóra do horario autorizado, e sempre que se superen os niveis establecidos.
- f) Realizar operacións de carga e descarga entre as 22.00 e as 8.00 horas ou, no seu caso, fóra do horario autorizado, e sempre que se superen os niveis establecidos no título III.
- g) A reincidencia pola comisión no termo dun ano de dúas infraccións leves por resolución firme en vía administrativa.

4.—Son infraccións moi graves á presente ordenanza:

- a) Producir ruído con vehículos ou ciclomotores superando os límites establecidos para cada categoría en máis de 10 dB(A).
- b) Producir ruídos na vía pública ou outros espazos públicos declarados zonas saturadas por acumulación de ruídos de conformidade coa presente ordenanza.
- c) A reincidencia pola comisión no termo dun ano de dúas infraccións graves por resolución firme en vía administrativa.

5.—Ao abeiro do previsto no art. 139 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en orde a garantir unha axeitada ordenación das relacións de convivencia no termo municipal e o uso dos seus espazos públicos, a presente ordenanza tipifica como infracción administrativa leve a vulneración do regulado no seu art. 52.2.

ARTIGO 62º.—SANCIONES

1.—As infraccións á presente ordenanza ás que se refire o artigo anterior poderán dar lugar á imposición de todas ou algunhas das seguintes sancións:

a) No caso de infraccións moi graves:

- 1.º Multas desde 1.501 euros ata 3.000 euros.
- 2.º Suspensión da vixencia das autorizacións ou licenzas municipais nas que se estableceran condicións relativas á contaminación acústica, por prazo de un mes menos un día.

b) No caso de infraccións graves:

- 1.º Multas desde 751 euros ata 1.500 euros.
- 2.º Suspensión da vixencia das autorizacións ou licenzas municipais nas que se estableceran condicións relativas á contaminación acústica, por prazo de dúas semanas.

c) No caso de infraccións leves:

1.º Multas de ata 750 euros.

2.º Suspensión da vixencia das autorizacións ou licenzas municipais nas que se estableceran condicións relativas á contaminación acústica, por prazo de unha semana.

2. – As sancións imporanse atendendo a:

- a) As circunstancias do responsable.
- b) A importancia do dano ou deterioración causada.
- c) O grao do dano ou molestia causado ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente.
- d) A intencionalidade ou negligencia.
- e) A reincidencia e a participación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

(suprímese o segundo parágrafo)

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

Os establecementos que contén coas licenzas esixibles outorgadas con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza deberán adaptarse integramente ao disposto nesta última nos casos seguintes:

- a) Cando se realicen modificacións, ampliacións ou reformas que excedan ás obras de mera hixiene, ornato ou conservación.
- b) Cando o establecemento teña sido clausurado por exercicio de facultades disciplinarias e se pretenda a súa reapertura.
- c) Cando o establecemento teña permanecido pechado durante un prazo mínimo de seis meses e se pretenda a súa reapertura.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA

En edificacións existentes poderán autorizarse as reducións da altura libre interior dos locais por debaixo da medida normalmente esixible cando resulte necesario para a súa adaptación á presente ordenanza, agás que a altura resultante inviabilice manifestamente o desenvolvemento da actividade.

Nigrán, 21 de setembro de 2012. – O Alcalde, Alberto Valverde Pérez.

2012009094

* * *

P O I O**A N U N C I O**

De conformidade co disposto no artigo 59.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, faise pública, mediante publicación do presente anuncio no taboleiro de editos do Concello e no BOP, a notificación do expediente que se indica a continuación.

Os interesados poderán comparecer nas oficinas da Policía Local no prazo de dez días, a partir do da publicación do presente anuncio, para o coñecemento do contido íntegro dos actos obxecto da notificación e facer as alegacións que estimen oportunas.

Transcorrido o dito prazo sen que fixera uso deste dereito, e de se-lo caso, continuarase coa tramitación do expediente.